

VI asemblea: Erguer a voz, organizar a revolta cívica das comunidade rurais.
(documento relacións políticas)

- 5 Na V asemblea de Antas aprobamos o noso documento organizativo que anticipaba que IGV se constituía nunha dupla dimensión, ora como **PARTIDO POLÍTICO con capacidade de concorrer a calquera proceso electoral**, ora transcendendo con moito a participación institucional e mantendo o pulso na sociedade civil que loita pola emancipación do país e Futuro para as comunidades rurais, pois a nosa razón de ser é **a defensa do territorio e dos habitantes do interior galego**.
- 10 IGV naceu e desenvolveu a súa consolidación nun contexto moi adverso. Dunha parte, vivemos nun tempo de **policrise** (ambiental, social, económica, territorial, de representación...) que afecta a todos os planos e cunha **crecente desigualdade social e territorial**. Doutra parte, observamos un constante proceso de privatización da política onde a mercadotecnia e as redes burocrático-clientelares furtan calquera tentativa de verdadeiro fideicomiso de representatividade para as poboacións traballadoras e rurais. Contodo, fomos capaces de medrar, tanto con adhesións individuais ao noso movemento, canto coa constitución de agrupacións locais que, cando concorren en procesos municipais, obteñen extraordinarios resultados a pesar da crecente (e
- 15 deprimente) polarización que beneficia especialmente a partidos que levan décadas xordos e cegos perante as nosas arelas e problemáticas. Desta arte, Antas de Ulla, Calvos de Randín, Chandrexa de Queixa, Chantada, Courel, Laza, Maceda de Trives, Monforte de Lemos, San Sadurniño, Sober, Vilardevós conta xa con agrupacións consolidadas e outras están pendentes de adhesión e/ou constitución, o que nos permite erixir un **espazo aglutinador no interior galego de entidades sociais e políticas preocupadas polo noso futuro**, que desexamos sexa fraternal, digno e xusto.
- 20 A diagnose que fomos partillando após os bons resultados municipais foi que a nosa proposta afonda na resolución de problemáticas concretas e que as alternativas que temos formulado baten no diálogo de xordos dos partidos sistémicos que impiden os acordos, practican a demagogia ocultando os problemas crónicos e imposibilitan decisións comúns. Seguir agardando sen mover ficha desgastaría o proxecto común e foron varias as agrupacións que sinalaron a **vontade de dar un salto cualitativo e comezar a concorrer en todos os procesos electorais**. Asemade, as **eleccións Xerais de 2023** celebradas en xullo foron unha especie de plebiscito entre un retroceso social e a posibilidade –malia as limitacións– de avanzar en políticas
- 25 progresistas; feito ao que non fomos alleos e chamamos a votar a forzas progresistas, lamentando que **a falta de acordos nas provincias de Ourense e Lugo derivara nun amplo resultado do PP**.

Con todo, o axustado resultado das eleccións do 23 de xullo de 2023 foi unha vitoria progresista, pero obriga a non baixar a garda e soste unha **mobilización democrática que aumente os dereitos sociais e reconeza os pobos do Estado, como o galego, como suxeitos políticos plenos**.

- 30 O momento actual é crítico para o país, nomeadamente para as comarcas do interior galego, exixíndonos audacia e **o diálogo permanente con outras opcións** que permiten artellar, desde unha **xeometría de alianzas variábel** onde prime o noso horizonte estratéxico, **FRONTES AMPLAS** para avanzar en dereitos e mellorar a calidade de vida das nosas poboacións. No **2024 as eleccións á Xunta e ás europeas son dúas citas decisivas para os nosos territorios**: dunha banda, só desde a unidade de acción e formulando unha **fronte cívica con tradución no plano electoral nas provincias de**
- 35 **Lugo e Ourense** se pode rachar coa hexemonía e a rede clientelar do PP; doutra banda, **é urxente actuar no nivel da UE para actuar sobre unha arquitectura ordoliberal, ao servizo das grandes finanzas centroeuropeas, que compromete o despregue de calquera alternativa que non pase pola desvalorización interna e o aumento do foxo da desigualdade** que, agora, alimentará o crecente militarismo e o chovinismo extremo ao tempo que se afasta calquera horizonte real de converxencia e se continúa cunha PAC que nos maltrata. Aínda así, hai elementos que permiten aferrarse á esperanza dunha **Europa de cooperación dos pobos** que se asente na **loita contra a mudanza climática dende unha perspectiva social e cívica**.

- 40 En consecuencia, non é precisa moita literatura para entender que **a IV ASEMBLEA DE IGV** debe adoptar unha decisión trascendental, facultando á súa Coordinadora através das agrupacións locais para establecer relacións políticas co obxectivo de concorrer electoralmente se se dan as condicións e as garantías que permitan facernos avanzar programática e organizativamente. Precisamos, pois, unha **REDE DE ALIANZAS**, sen apriorismos, desde a nosa riqueza interna – espello da complexidade da Galiza actual–. Audacia, humildade e transversalidade, principios inspiradores desde sempre do
- 45 tecido social das nosas parroquias. **No 2024, as eleccións europeas e as galegas** van ser dous fitos de suma relevancia para os nosos territorios. No tocante, ás galegas son un fito fundamental que esixen **estar á altura do reto de quitar da Xunta aos que dende 2009 usan o poder autonómico para faceren negocio e baleirar o rural favorecendo o acaparamento**.

- Porque máis rural e máis comunidade son necesarios para unha Humanidade mellor fronte ao capitalismo salvaxe que ameaza a biosfera e nos
- 50 aproxima do exterminio nuclear.

A VI asemblea de IGV adopta o seguinte **acordo**:

55 **Facultar á Coordinadora para explorar através de relacións políticas fórmulas de concorrencia electoral ás eleccións galegas e europeas do 2024, sen apriorismos nin alianzas pechadas para todos os procesos, que permitan formular ACORDOS AMPLOS para avanzarmos programática e organizativamente.**

60 **Unha vez chegada á conclusión sobre a fórmula ou fórmulas de alianzas eleitorais por parte da Coordinadora someterase a referendo entre as persoas inscritas mediante o sistema que permita o tempo e o momento.**

Chantada, 18 de novembro de 2023.